

APUNTAMENTOS ROUSSEAU DO CONTRATO SOCIAL

1. CONTRATO SOCIAL: Acto político de instauración da República.

- O contrato social instaure unha **comunidade política republicana** de **cidadáns libres e iguais**. Este **corpo político republicano** é equiparable a unha **democracia asemblearia directa** (sen representantes políticos).
- O órgano de decisión e participación política máis relevante é a **assemblea lexislativa** integrada pola **cidadanía**. Todos os postos de responsabilidade política (maxistraturas) son elixidos (e revocados) pola **assemblea cidadá**. O goberno limitarase a executar as decisións da assemblea cidadán.

2. SÚBDITO=CIDADÁN: Equiparación súbdito e cidadán.

- Unha vez constituído o contrato social e instaurada a república, as partes que contrataron convértense en **membros do Estado**. Son **cidadáns** en tanto que participan activamente na assemblea lexislativa elaborando as leis (lexislando).
- Pero, á vez, os **integrantes da República** son **súbditos** das leis, pero non dun rei. A única **obediencia política** reside en acatar as **leis republicanas**.

3. LEGALIDADE=LIBERDADE: Compatibilidade legalidade e liberdade.

- A **liberdade republicana** permite vivir dentro dunha comunidade política con leis, pero sendo libres.
- A liberdade civil é máis importante que a liberdade natural (do estado de natureza).
- No réxime republicano, os seus integrantes obedecen as leis en cualidade de súbditos, pero non obedecen máis que as leis que se deron a si mesmos como cidadáns. Deste modo, a **obediencia política** é compatible coa **liberdade civil**.

4. VONTADE XERAL: Compromiso cívico do cidadán.

- **Decisión colectiva** do corpo político republicano, adoptada por unanimidade ou por maioría.
- Os cidadáns comprométense a respetar e seguir a vontade xeral. Cada cidadán ten o **deber cívico** de acatar as decisións tomadas pola assemblea popular (da que todo cidadán forma parte).
- A vontade xeral atende ao **interese xeral**, ao ben colectivo.
- A **vontade de todos** non é máis que a suma das vontades individuais e dos intereses particulares. Esta vontade de todos é a das **faccións** que promoven os seus **intereses privados**.

5. SOBERANÍA POPULAR: Poder político do pobo.

- O **soberano** é o **pobo**, porque o **poder político** reside no pobo. A cidadanía participa directamente na elaboración das leis e na elección das maxistraturas do Estado.
- O réxime republicano establece un **autogoberno**: a república como unha comunidade política autogobernada polos propios cidadáns.
- Hai **unidade e indivisibilidade da soberanía**. Todo o poder do Estado está no pobo reunido en assemblea. Non hai división de poderes: o poder non se divide, porque todo o poder concéntrase nas mans dos propios cidadáns reunidos no órgano lexislativo assembleario. Tampouco hai representantes políticos, porque o poder non se delega. A comunidade republicana non é unha democracia indirecta ou representativa.